



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ABEGONDO

Adquisición finca en San Marcos (Centro de Saúde)

ANUNCIO

ASUNTO: ADQUISICION FINCA EN SAN MARCOS (CENTRO DE SAÚDE)

EXPEDIENTE: 2023/C006/000004

Por medio do presente anuncio efectúase convocatoria do concurso para a adquisición de finca en San Marcos (Centro de Saúde), conforme aos seguintes datos:

1. Obxecto do concurso: Adquisición dun ben coas seguintes características:

Obxecto do contrato e cualificación Constitúe o obxecto do contrato a adquisición dun ben que teña as seguintes características:

- A finca non deberá estar a unha distancia superior a un radio de 100 m do edificio do centro de saúde actual, sito en San Marcos – Abegondo.
- A finca deberá ter unha superficie mínima de 800,00 m²
- A finca deberá ter como un dos lindeiros a estrada que da acceso ao campo da feira

2. O prazo para a presentación de ofertas será de desde o seguinte ao de publicación no Boletín Oficial da Provincia do presente anuncio.

As ofertas presentaranse no Concello con domicilio no lugar de San Marcos nº 1- 15318 Abegondo, en horario de 9:00 a 14:00 horas, dentro do prazo de quince días naturais contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial de la Provincia.

As proposicións poderán presentarse en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3. O prego de condicións atópase a disposición das persoas interesadas na Plataforma de Contratación do Estado

https://contrataciondelestado.es/wps/portal/!ut/p/b0/DcqXCoAgEADQT7qpoMBBIImhxCtNc4sgrji4zkL4_xwcPAngICT8-sfCTUKrXSJSF09VHKihCm_DOBfcawEGAwHH8BNapGaw57JK9sa83XevmsmillN-3_gHaKupm/

Abegondo 21 de agosto de 2024

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

2024/5951